

# Plan de Convivencia

## CIFP Audiovisual de Vigo

## Sumario

1. Introducción.....	3
2. Análise da situación.....	4
3. Obxectivos do Plan de Convivencia.....	5
4. Actuacións, medidas e programas para favorecer a convivencia.....	7
5. Protocolo contra o Acoso Escolar.....	12
6. A Comisión de Convivencia.....	17
7. Mecanismos de coordinación.....	19
8. A coordinación de Benestar e convivencia.....	20
9. Normas de Organización e Funcionamento do CIFP Audiovisual de Vigo.....	21
10. Difusión do Plan de Convivencia.....	22
11. Seguimento, avaliación e mellora do Plan de Convivencia.....	22

## 1. Introducción

O CIFP Audiovisual de Vigo comezou a súa historia no ano 2005 como Instituto de Ensino Secundario. Ao longo dos cursos foi aumentando a súa oferta formativa, sempre dentro da Familia Profesional de Imaxe e Son, ata poder contar con toda a oferta formativa da mesma no curso 2023-2024. Neste mesmo curso converteuse nun Centro Integrado de Formación Profesional (CIFP), coa conseguinte reestruturación organizativa.

Como se sinalaba no anterior Plan de Convivencia, aprender a vivir xuntos, a convivir cos demais, pode considerarse como un dos fins esenciais da educación e constitúe un dos grandes retos dos centros educativos na actualidade

Como centro consideramos que corresponde a toda a comunidade educativa dispoñer dos medios e ferramentas posibles para resolver de modo construtivo e educativo as situacións de conflito que aparecen no día a día, a fin de xerar un bo clima de centro que propicie una boa convivencia escolar, e desenvolver de modo óptimo o tempo dedicado á ensinanza e aprendizaxe.

O noso achegamento á convivencia parte dunha visión formativa, positiva e construtiva. De aí que as actuacións propostas irán dirixidas ao desenvolvemento de comportamentos axeitados, dunha convivencia mellor e á resolución dos posibles conflitos. Para acadalo propoñemos unha efectiva participación de todos os membros da comunidade educativa, propiciando boas canles de comunicación e plans de identificación e resolución de conflitos.

A normativa específica que temos como referencia para as nosas actuacións é:

- Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa.
- Decreto 8/2015, do 8 de xaneiro, polo que se desenvolve a Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa en materia de convivencia escolar.

Ademais, contamos cos distintos protocolos publicados pola Consellería de Educación en relación coa convivencia e o benestar. En particular teremos en conta os documentos *Estratexia Galega de Convivencia Escolar 2025* e *Protocolo Educativo para a prevención, a detección e o tratamento do acoso e o ciberacoso escolar*.

O Plan de Convivencia, que aquí se presenta, ven definido na normativa como "o documento no cal se articula a convivencia escolar, que garante unha educación no exercicio dos dereitos e das liberdades dentro dos principios democráticos de convivencia, así como na prevención de conflitos e na súa resolución pacífica" (artigo 11 do Decreto 8/2015).

## 2. Análise da situación

Tal como se indicaba no anterior Plan de Convivencia, o noso centro sitúase nunha zoa marítima con proxección de crecemento demográfico. Bouzas, anteriormente pobo achegado ao Concello de Vigo, na actualidade constitúe un barrio da cidade, con auxe económico e residencial. Ten centros de interese como o Museo do Mar, o Centro de Investigacións Mariñas – CSIC -, ou o seu porto naval e central de estaleiros.

O noso alumnado procede, maioritariamente, do Concello de Vigo e zonas limítrofes coma a zona do Morrazo ou Pontevedra. A idade media ronda entre os 18 e 23 anos. Aínda que existen menores de idade, realizando os cursos do Ciclo Medio de Vídeo Disc-jockey e son, a maior parte do noso alumnado é maior de idade, atopando tamén, titulados universitarios e xente de idade avanzada que buscan lexitimar a súa experiencia profesional a través dun ciclo formativo. Neste último segmento, atópanse sobre todo o alumnado de ensinanzas non presenciais.

O alumnado dos ciclos formativos de grado superior posúe, en xeral, un grado de madurez persoal e intelectual bo. As relacións sociais entre compañeiros e co profesorado están xeralmente fundamentadas no respecto, escoita activa, a tolerancia e o cumprimento das normas de convivencia. De tódolos xeitos, pode producirse algún episodio illado que perturbe o funcionamento habitual.

O alumnado de ciclos formativos de grado medio son habitualmente máis novos, e prodúcese con máis frecuencia faltas de respecto entre compañeiros e co profesorado; falta de cumprimento das normas de convivencia ou o debido coidado ás instalacións e materiais do centro. Dende o equipo docente convirá estimular as habilidades sociais e de relación interpersoal, as actitudes de colaboración e cooperación entre iguais e o respecto como guía fundamental da nosa conduta cara aos demais. Tendo en conta o alumnado co que traballamos, os problemas de disciplina son en xeral infrecuentes.

Durante o mes de marzo de 2024 realizouse unha nova valoración da situación do Benestar e da Convivencia no centro, no marco da revisión do Plan de Convivencia. Elaboramos unha enquisa -que se anexa- que foi aplicada ao alumnado de todas as ensinanzas; contamos cun total de 171 respostas. En xeral, o alumnado considera que a convivencia no centro é boa, sendo os datos máis salientables os seguintes:

- O clima de convivencia que existe no centro é valorado como Moi bo ou Excelente polo 63,26 % das respostas; é cualificado como Normal polo 30,41 %.
- Un 74,27 % móstrase Satisfeito ou Moi Satisfeito en xeral co centro.
- Un 88,88 % considera que no centro cóidanse Bastante ou Moito os materiais e as instalacións.
- Un 89,47 % considera que no centro trátase con bastante ou moito respecto ás persoas.

- No ítem 11 "Observei situacións de acoso neste centro", o 88,9 % das respostas sinala que Nada ou Pouco.
- Polo que respecta á comunicación no centro, un 62 % considera que é boa ou moi boa.
- O ítem 9 di: "Nalgunha ocasión fun acosado/a neste centro". Un 86,55 % responden "Nada", e un 7,60 % "Pouco" (Total 94,15).
- Cando se pregunta se o centro resolveu rápido e ben cando xurdiu un conflito, atopamos que un 24,5 % marca NS/NC, mentres que un 45 % sinala que está bastante ou moi de acordo coa afirmación.
- Un 94,15 % das respostas sinalan que están bastante ou moi de acordo coa afirmación "Síntome nun ambiente no que se respecta a **diversidade**".
- Un 91,81 % das respostas indican que están bastante ou moi de acordo en que existe un trato de **igualdade entre homes e mulleres**.
- O 79,53 % das respostas indican que están bastante ou moi de acordo coa afirmación "A relación co profesorado é boa".
- Esa porcentaxe sube ata o 87,14 % cando a pregunta refírese á relación con compañeiros e compañeiras.
- Un 86 % do alumnado que respondeu á enquisa considera que pode facer amizades no centro moi ou bastante facilmente, e se sente integrado.
- Afirman estar bastante ou moi de acordo coas normas un 76 % dos alumnos e alumnas que contestaron á enquisa.
- Por último, un 80,7 % afirma coñecer bastante ou moito as normas do centro.

En termos xerais, en definitiva, o alumnado percibe que estamos nun centro no que se respecta a diversidade, existe un trato igualitario entre homes e mulleres, e o respecto e a boa convivencia son a norma. Por suposto, existen problemas no centro; os máis citados polo alumnado neste contexto son os de comunicación entre os membros da comunidade educativa, sinaladamente entre o profesorado dos diferentes grupos cando hai que desenvolver as Prácticas Interciclos.

Como conclusión, podemos sinalar que o ambiente de convivencia no noso centro non presenta problemas significativos, o que non quita que se poidan presentar algún tipo de incidentes menores aos que debemos dar resposta.

### 3. Obxectivos do Plan de Convivencia

O noso Plan parte de principios democráticos de tolerancia e respecto, así como da

importancia da participación na vida do centro por parte de todos os membros da Comunidade Educativa do CIFP Audiovisual de Vigo. Estes **principios** serán:

- Responsabilidade de todos e todas: A convivencia, como responsabilidade compartida entre todos os membros da comunidade educativa, constitúe un valor social que debe ensinarse, promoverse e conquistarse. Como consecuencia, é ineludible a implicación e colaboración de todos e todas na consecución dun clima axeitado de convivencia.
- O espazo escolar como ámbito de aprendizaxe: O centro educativo é un lugar privilexiado para a formación e para a convivencia. Aprender a convivir forma parte das finalidades básicas da educación.
- A prevención: por medio de accións que favorezan a mellora do clima de convivencia do centro, as prácticas educativas e a participación de toda a comunidade educativa na vida da EAV. O diálogo, o razoamento e a participación son os procedementos que deben ser empregados para a interiorización das normas
- A resolución de conflitos baseada na cultura da paz e no diálogo para unha intervención con carácter recuperador, educador e reparador.
- A coordinación con outros organismos e asociacións así como con outros ámbitos da administración educativa, tanto para a prevención como para a intervención.
- O fomento da igualdade entre homes e mulleres, e o respecto polas diferenzas e non discriminación por cuestións de relixión, discapacidade, clase social, nacionalidade, orientación sexual, identidade de xénero, etc.
- A contribución á mellora do benestar emocional a través da proposta de accións relacionadas coa comunicación asertiva, a saúde mental e os hábitos de vida saudables.

Co establecemento deste Plan de Convivencia nos propoñemos:

- 1.Concienciar e sensibilizar á comunidade educativa sobre a importancia dunha convivencia escolar axeitada e sobre os procedementos para melloralas.
- 2.Dar cauce ás propostas de mellora da convivencia dos diferentes compoñentes da comunidade escolar (alumnado, profesorado, familias e persoal de administración e servizos), propoñendo actuacións que fagan que as aulas e o centro sexan lugares de aprendizaxe e práctica da convivencia.
- 3.Difundir, coñecer e en último termo revisar as normas de convivencia do centro e de aula.
- 4.Elaborar protocolos de notificación e actuación ante distintas situacións contrarias á convivencia (violencia de xénero, agresións verbais, acoso escolar...).
- 5.Promover a formación permanente do profesorado en temas relacionados coa

convivencia.

6.Revisar e adaptar os documentos de organización e de xestión do centro, de xeito que favorezan o clima de convivencia, e sensibilizando na utilización de linguaxes non sexistas nin discriminatorios.

7.Favorecer o traballo en grupo e o traballo cooperativo como metodoloxías nas que se potencia o respecto e a solidariedade entre o alumnado.

8.Promover unha cultura de resolución pacífica de conflitos baseada no diálogo. Fomentar valores, actitudes e prácticas coherentes cos principios recollidos neste documento, sobre todo no tocante no respecto á diversidade e o fomento da igualdade entre homes e mulleres, procurando a inclusión da perspectiva de xénero en todas as accións levadas a cabo.

9.Prever, detectar e intervir ante situacións de acoso escolar e ciberacoso, de comportamentos homófobos, racistas ou xenófobos.

10.Poñer en valor a acción titorial, desenvolvendo un Plan de Acción Titorial que axude a traballar os valores, actitudes e normas recollidos neste Plan, dende o punto de vista comunitario, grupal e individual, así como a mellorar o coñecemento do alumnado, das súas características e condicións, por parte dos titores e titoras.

11.Visibilizar a figura de coordinación de benestar e convivencia.

12.Favorecer a atención ao benestar emocional da comunidade educativa a través da proposta de accións relacionadas coa comunicación asertiva, a saúde mental, o autocoidado e hábitos de vida saudable.

13.Impulsar a comisión de Convivencia como órgano de reflexión, avaliación e deseño de propostas para o fomento da cultura da paz e a non violencia e para mellorar o clima de convivencia escolar a través da Coordinación de Benestar e Convivencia, e á vez implicar a toda a comunidade educativa na planificación, dinamización e desenvolvemento do Plan de Convivencia

14.Impulsar a coordinación e establecer as liñas básicas de colaboración con outros axentes sociais da comunidade: Concello (servizos sociais e educativos, igualdade, deportes, etc.), servizos de saúde, asociacións sen ánimo de lucro; outros ámbitos da administración educativa: Equipo de Orientación Específico, Servizo de Inspección, etc, a fin de desenvolver accións preventivas e de promoción da convivencia.

15.Avaliar de xeito continuo e sistemático a eficacia do Plan de Convivencia.

#### **4. Actuacións, medidas e programas para favorecer a convivencia**

**Liña de Actuación 1: Actividades de acollida para o alumnado que se matricula por**

## primeira vez no centro

### Obxectivos:

- Facilitar o coñecemento das normas de convivencia, tanto xerais do centro como particulares da aula,
- Promover a integración do alumnado no seu grupo-clase e no conxunto da dinámica escolar do centro.
- Dar a coñecer as instalacións, a dinámica e o funcionamento do centro ás persoas de nova incorporación no centro.
- Fomentar o coñecemento e relacións cos/as compañeiros/as.
- Especificar os dereitos e deberes do alumnado así como as correccións ou medidas reeducadoras que, de ser o caso, se apliquen.

### Actividades:

- 1.Realización dunha Xornada de Acollemento dirixida ao alumnado ao principio de curso. Levarase a cabo unha presentación conxunta no salón de actos por parte do equipo directivo e os/as titores/as onde se lles dará a benvida e se lles informará de cuestións de interese relacionadas co funcionamento do centro. Durante estes primeiros días, tanto o/a titor/a como o resto do profesorado encargaranse de desenvolver actividades que favorezan o coñecemento do grupo e fomenten actitudes respectuosas de cara á convivencia e a igualdade entre homes e mulleres. O orientador profesional do centro participará na preparación de material para a acollida do alumnado polos titores e titoras. Por parte do departamento de Calidade se fará seguimento da xornada e realizará a avaliación da mesma.
- 2.Disporase dun Manual de Alumnado no que se inclúe toda información relevante sobre o centro: funcionamento, normas, horarios, procedementos específicos que lles atañan, etc.
- 3.O responsable da titoría de grupos de primeiros dos distintos ciclos dedicará unha sesión a principio de curso para abordar as cuestións referidas a dereitos e deberes.
- 4.O orientador profesional fará charlas ao longo das primeiras semanas co fin de explicar o funcionamento do centro, dos ciclos formativos (avaliacións, recuperacións, promocións, ...) así como para animar á participación do alumnado na vida cotiá do centro.
- 5.Pasadas unhas 4-6 semanas do comezo do curso, o alumnado de 2º cursos - nomeadamente os do Ciclo Superior de Produción de Audiovisuais e espectáculos- organizará unha actividade de coñecemento mutuo, en formato xogo, para todo o alumnado de ordinario. Para o alumnado de modular contarase co alumnado análogo.



## **Liña de actuación 2: Participación no centro e reforzamento das relacións sociais do alumnado**

### **Obxectivos:**

- Potenciar a participación activa do alumnado na vida do centro.
- Impulsar o establecemento de relacións sociais construtivas no centro.
- Previr a aparición de situacións que alteren e dificulten a convivencia así como o trato desigual entre homes e mulleres e o uso dunha linguaxe discriminatoria en razón de sexo.

### **Actividades:**

- 1.Difundir por medio dos taboleiros, das Redes Sociais e das Aulas Virtuais información relativa á organización e funcionamento do centro.
- 2.Proporcionar información sobre as actividades que se realizan no centro: Interciclos, ACF, charlas, ... empregando os medios á nosa disposición: taboleiros de aulas e monitores de información.
- 3.Preparar ao alumnado para unha elección de Delegados/as de clase responsable mediante actividades na titoría. Impulsar e apoiar a figura dos/as Delegados/as de clase e outros órganos de representación do alumnado. Realizar reunións periodicamente con estes representantes para analizar as súas peticións e consensuar actuacións conxuntas.
- 4.Dispoñer dun taboleiro de anuncios de Benestar e Convivencia no que volcar suxestións, peticións de colaboracións, propostas de actividades, etc, por parte do alumnado. Este taboleiro estará xestionado polo/a responsable de Benestar e Convivencia, e todo o alumnado será informado da súa existencia e funcionamento.
- 5.Propoñer ás titorías a realización de talleres de mellora das Habilidades de relación social e de comunicación asertiva para o alumnado.
- 6.Establecemento e mantemento no centro dos seguintes puntos:
  - a)*Punto Lila*: con información sobre igualdade entre homes e mulleres, e prevención da violencia contra a muller.
  - b)*Punto Arcoiris*: con información sobre o colectivo LGTBI+.
  - c)*Punto Laranxa*: con información e apoio para a prevención do Acoso Escolar (ver máis adiante).
- 7.Caixa de correo de Suxestións, Queixas e Reclamacións (SQR) que tamén pode empregarse para a mellora da convivencia no centro. Esta caixa de correo estará permanentemente aberta a calquera membro da comunidade educativa. A responsabilidade da súa xestión, da análise e de dar resposta ás notas insertadas será do

Equipo Directivo e da Responsable de Calidade do centro.

8.Potenciación de actividades extraescolares e complementarias (saídas, charlas e obradoiros, celebración de datas significativas, etc.), así como das Actividades Interciclos como recurso para o fomento das relacións sociais e a promoción dunha igualdade efectiva entre homes e mulleres. Estas actividades serán promovidas polo profesorado, Equipo de Dinamización Lingüística, Coordinación da Biblioteca, etc.

9.Actividades nos recreos ("*RECREA*"): Ao longo do curso o alumnado poderá facer suxestións para a posta en marcha de actividades culturais e educativas durante os tempos de recreo. Concertos a cargo de alumnos e alumnas que tocan instrumentos, competicións de xogos, mostras artísticas, concursos, microformacións específicas, etc. A principio de curso, en colaboración cos representantes do alumnado establecerase o procedemento, e trimestralmente se intentará facer unha pequena programación coas achegas de todos e todas.

### **Liña de Actuación 3: Sensibilización respecto á igualdade, a non discriminación e a diversidade**

#### **Obxectivos:**

- Sensibilizar á comunidade educativa sobre igualdade de xénero.
- Manter o clima de valoración positiva da diversidade, asegurando que todo membro da comunidade educativa se sinta a gusto e respectado nas súas opcións vitais, así como a súa orixe, etnia ou nacionalidade
- Sensibilizar á comunidade educativa sobre o respecto á diversidade afectivo-sexual e os dereitos lgtbi+.
- Sensibilizar á comunidade educativa sobre o respecto á diversidade funcional e os dereitos das persoas con discapacidade.
- Informar das actividades do centro ou externas que promovan actitudes positivas para a convivencia e a igualdade entre homes e mulleres
- Favorecer a educación en valores a través de actividades de formación.

#### **Actividades:**

- 1.Realización de charlas, talleres e seminarios vinculados coa igualdade de xénero e a diversidade.
- 2.Promover a participación igualitaria e paritaria nas distintas actividades do centro: mesas redondas, relatores externos, participación en concursos, etcétera.
- 3.Colaborar con entidades externas (Enlaza Vigo, asociacións LGTBI+, Asociacións vinculadas coa Saúde Mental, ...) no desenvolvemento de talleres de sensibilización e

coñecemento da igualdade e da diversidade.

4.Promover a creación de concursos e exposicións que recoñezan e fomenten a igualdade de xénero e a diversidade.

5.Celebración, por medio de diversas accións, do días sinalados: 25N, 8M, Mes da Diversidade, ...

6.Mantemento dos Puntos sinalados na liña de actuación 2 (Punto Lila e Punto Arcoiris). Animar ao alumnado a que fagan achegas e difundan material do seu interese.

7.Propoñer para o profesorado (a través do Coordinador de Formación do Profesorado) e para o alumnado (a través dos titores e titoras) a realización de actividades formativas sobre igualdade e diversidade.

8.Revisión da documentación interna e externa a fin de evitar o mantemento de prexuízos sexistas, e para que reflecta a diversidade presente no centro.

#### **Liña de actuación 4: Resolución pacífica de conflitos**

Obxectivos:

- Promover unha cultura de resolución pacífica de conflitos baseada no diálogo.
- Fomentar valores, actitudes e prácticas coherentes cos principios democráticos, de respecto á diversidade.

Actividades:

1.Elaboración, conxuntamente co alumnado, de normas de aula coa finalidade de que sexan asumidas por todos e todas e se sintan corresponsables do seu cumprimento.

2.Adopción por parte do Equipo Directivo de medidas individuais de aplicación das Normas de Organización e Funcionamento e das medidas de actuación ante as condutas contrarias á convivencia.

3.Aproveitar as xuntanzas mensuais de equipo docente para detectar, analizar e resolver os conflitos que xurdan nos distintos grupos. Nestes momentos tamén se poderán adoptar medidas conxuntas como compromisos de convivencia,

4.Poñer en marcha obradoiros e programas específicos para promover o diálogo, a corresponsabilidade e a cultura de paz.

5.Participación no Plan Director para a Convivencia e a mellora da seguridade nos centros educativos e os seus contornos, en particular no referido ao programa de Ciberseguridade e Redes Sociais. A principio de cada curso o Orientador Profesional, en colaboración coa Coordinadora de Benestar e os responsables das titorías establecerá os grupos destinatarios e os contidos a traballar.

6.Reunións periódicas dos titores por niveis co obxecto de deseñar accións conxuntas para a mellora da convivencia no centro. Adoptar estratexias organizativas que posibiliten a implicación de todo o profesorado nos labores titoriais.

7.Aproveitar as ACF e as Prácticas Interciclos para a ensinanza das estratexias de comunicación e resolución de conflitos.

8.Difusión á comunidade educativa, a través de diferentes medios, do plan de convivencia e das NOF. Garantir que todos os membros da comunidade educativa coñezan os seus dereitos e deberes.

## 5. Protocolo contra o Acoso Escolar

En Galicia contamos con varios documentos publicados pola Consellería de Educación en relación con este tema. En primeiro lugar, temos o *Plan Integral contra o acoso e o ciberacoso escolar*, que fundamenta todas as actuacións e medidas nos seguintes conceptos:

**1.Prevenición:** É un dos factores máis poderosos para a loita contra o acoso e o ciberacoso escolar. O éxito da prevención está asociado ao establecemento de medidas, desde as idades máis temperás, que contribúan a unha maior sensibilización, concienciación e comunicación. O traballo de prevención esixe o compromiso de todas as persoas vinculadas á comunidade educativa co obxectivo de anticiparse á aparición das diferentes formas de acoso escolar.

**2.Compromiso:** A execución das medidas incluídas no plan require a actuación coordinada e a achega de recursos dependentes de diferentes departamentos da Administración.

**3.Centro educativo como espazo seguro e de confianza:** O papel que desempeña o centro educativo é crucial para garantir o benestar emocional dos estudantes, promover o seu éxito académico, desenvolver habilidades sociais, crear un clima escolar positivo e fomentar valores fundamentais. Resulta imprescindible, polo tanto, contar cunha contorna de confianza e comprensiva na que os estudantes se sintan protexidos no conxunto da súa diversidade e poidan desenvolver con éxito o seu proceso de aprendizaxe.

**4.Intervención:** É necesario responder con prontitude e firmeza ante calquera situación incompatible coa convivencia e o bo clima escolar para garantir a seguridade e o benestar de todo o alumnado. En determinadas ocasións, faise inevitable unha intervención proactiva para facer fronte a comportamentos que deben ser eliminados.

**5.Implicación das familias:** As familias desempeñan un papel fundamental para a prevención do acoso e ciberacoso escolar. Cobra unha especial relevancia a súa contribución para a prevención de conflitos e a súa resolución pacífica. Una estreita colaboración entre as familias e os centros educativos incide positivamente nas actitudes

do alumnado, mellorando o clima de convivencia e, por tanto, o rendemento escolar.

Por outra banda, dispoñemos do denominado *Protocolo educativo para a prevención, a detección e o tratamento do acoso e do ciberacoso escolar*. Nel defínese o **Acoso escolar** como "*Calquera forma de vexación ou malos tratos continuados no tempo recibida por un alumno ou unha alumna por parte dun, dunha ou de máis iguais, de carácter verbal, físico ou psicolóxico, incluído o illamento ou baleiro social, con independencia do lugar onde se produza. Terán a mesma consideración as condutas realizadas a través de medios electrónicos, telemáticos ou tecnolóxicos que teñan causa nunha relación que xurda no ámbito escolar*". E o **Ciberacoso** como "*Modalidade de acoso producido a través das TRIC, como poden ser a mensaxaría instantánea, as redes sociais ou internet en xeral. Pode incluír a difusión de rumores a través da rede, a publicación de información falsa, a suplantación da identidade, o acoso sexual ou o envío de mensaxes ameazantes, humillantes ou insultantes a través de internet, entre outros comportamentos*".

Como medida preventiva, e de acordo con establecido no Plan Integral contra o Acoso e o Ciberacoso Escolar, creamos o PUNTO LARANXA: Trátase dun espazo físico, instalado nun lugar visible e accesible, onde calquera persoa poderá denunciar de xeito anónimo unha situación de posible acoso ou ciberacoso escolar. Este punto consta dunha caixa onde calquera persoa pode depositar información relativa a unha posible situación de acoso ou ciberacoso escolar e, ademais, dun pequeno espazo onde o centro será quen de incorporar información adicional relacionada con esta temática.

Así mesmo, difundiremos entre o alumnado a existencia da conta de correo de Benestar e Convivencia, á que poderán dirixirse en caso de querer informar dalgunha situación de acoso.

E tamén no marco da prevención, realizaremos campañas de sensibilización contra o acoso e o ciberacoso escolar dirixidas a toda a comunidade educativa, que axuden a previlo e preparen para detectalo, para reaccionar e para intervir fronte a el.

Tal como se establece no Plan Integral, no noso centro temos, para a intervención en cada caso, o Equipo ACAE (*Actuación Contra o Acoso Escolar*), encargado da levar adiante as medidas establecidas no protocolo no referente á detección e á intervención ante posibles casos de acoso e ciberacoso escolar. Estará formado por tres membros do claustro, sendo dous deles os seguintes:

- O Xefe do Departamento de Información e Orientación Profesional
- A Coordinadora de Benestar e Convivencia

Ademais, haberá un docente nomeado pola dirección para cada caso, en función do alumnado implicado, e que actuará como persoa instrutora do procedemento corrector de ser o caso.

A dirección do centro recibirá, en todo caso, a comunicación dos feitos. Ademais, será

quen realice as oportunas comunicacións a familias, representantes legais, inspección educativa e outros axentes externos, de ser o caso.

O equipo ACAE xestionará todas as demais actuacións posteriores á comunicación dos feitos. Este equipo solicitará a colaboración da persoa designada pola dirección do centro como responsable da atención á vítima, recollido no artigo 30.2.c) da Lei 4/2011, así como de persoas de confianza, pertencentes ao centro, de todo o alumnado implicado. As funcións deste Equipo serán as seguintes:

- a) Revisión diaria e filtraxe das posibles denuncias no Punto Laranxa contra o Acoso e o Ciberacoso Escolar.
- b) Rexistro e comunicación dos feitos ante a dirección do centro educativo.
- c) Comprobación da veracidade dos feitos comunicados.
- d) Determinación da existencia de indicios de acoso.
- e) Apertura, de ser o caso, dunha investigación.
- f) Adopción, de ser necesario, de medidas inmediatas.
- g) Elaboración do ditame derivado da investigación.
- h) Apertura, se procede, do protocolo.
- i) Reunión coas persoas implicadas en presenza da familia ou de representantes legais, unicamente no caso de apertura do protocolo.
- j) Pechamento, cando proceda, do protocolo.
- k) Seguimento e avaliación das medidas adoptadas.

O Protocolo establece as seguintes **fases na intervención ante un caso de Acoso Escolar** (para cada unha destas fases e pasos, no documento da Consellería se recolle o rexistro que cumpre realizar):

**FASE 1. COMUNICACIÓN DOS FEITOS E PRIMEIRA VALORACIÓN:** Calquera membro da comunidade educativa ou calquera persoa coñecedora dunha posible situación de acoso deberá informar ao equipo directivo do centro o antes posible. Tamén o antes posible, a dirección do centro trasladará ao equipo ACAE toda a información para realizar unha primeira valoración dos feitos.

Se o equipo ACAE non aprecia a existencia de indicios de acoso ou ciberacoso escolar e non determina a necesidade de apertura dunha investigación, a dirección do centro informará a xefatura de estudos sobre a necesidade de establecer as medidas educativas oportunas para abordar as faltas contrarias á convivencia ou gravemente prexudiciais, de acordo co recollido nas Normas de Organización, Funcionamento e Convivencia, segundo

o regulado na Lei 4/2011, do 30 de xuño, e no Decreto 8/2015, do 8 de xaneiro.

Se o equipo ACAE aprecia a existencia de indicios de acoso ou ciberacoso escolar, determinarase a necesidade de apertura dunha investigación.

**FASE 2. INVESTIGACIÓN E DITAME:** A investigación é un proceso confidencial que ten como obxectivo confirmar ou descartar a necesidade de apertura do Protocolo de Acoso e Ciberacoso Escolar. Todas as actuacións realizadas deberán ser recollidas documentalmente. O protocolo que deberá seguir o equipo ACAE durante a investigación será o seguinte:

- Observación directa e sistemática nas zonas de risco (patios, corredores, entradas e saídas da clase, cambios de clase, comedor etc.), co fin de recoller datos sobre as relacións do alumnado no centro, as características das súa interacción, os niveis de agresión existentes, as situacións en que se producen agresións etc.

- Realización das entrevistas que o equipo ACAE estime oportunas, como mínimo as seguintes: Posibles vítimas; Posibles persoas acosadoras; Persoas espectadoras; Persoa que informa dos feitos (de ser o caso). Estas entrevistas serán realizadas por un ou dous membros do equipo ACAE, co obxectivo de obter información desde todas as perspectivas. A persoa designada do equipo ACAE deberá ser especialmente coidadosa e amosar unha actitude receptiva e obxectiva durante todo o proceso, así como manter a confidencialidade da información recollida. Ademais, no caso das posibles vítimas, tratarase de ofrecer apoio e protección. Non se debe revitimizar, xulgar nin minimizar os feitos. Terase en conta que as vítimas poden non querer falar, polo que se debe facilitar a comunicación respectando os seus tempos e espazos, deixando que se expresen e aproximándose a elas de xeito empático.

- Nesta fase de investigación non é obrigatorio informar as familias nin as persoas representantes legais. Porén, se o equipo ACAE considera oportuna a súa participación, poderá facelo e terá que rexistralo documentalmente.

- A partir desta fase, cando se produce a apertura do protocolo, as comunicacións e citacións ás familias ou representantes legais son obrigatorias no caso de persoas implicadas menores de idade non emancipadas.

- As persoas implicadas poderán contar cunha persoa do centro da súa confianza para realizar o acompañamento durante a entrevista, deixando constancia desta situación a través do *Anexo 4.2. Datos da persoa á que se lle ofrece ser acompañante durante a entrevista.*

- Recoméndase que as persoas implicadas na presumible situación de acoso ou ciberacoso escolar custodien todas as posibles probas físicas ou dixitais ata o final do procedemento.

- Paralelamente á investigación -ou antes, se a situación así o require-, poderanse

establecer medidas inmediatas:

- Vixilancia por parte do equipo ACAE nos lugares onde teña lugar o suposto acoso.
  - Acompañamento da posible vítima por persoas da súa confianza.
  - Seguimento diario polo/a docente de confianza da posible vítima.
  - Separación das persoas implicadas nos lugares de uso común.
- Concluída a investigación, o equipo de ACAE analizará a información recollida e fará unha valoración da situación, que será rexistrada nun **DITAME**.
  - Se no ditame SE DESCARTA a posible situación de acoso ou ciberacoso escolar, o centro educativo dará o proceso por concluído e non se iniciará o protocolo. Así e todo, a dirección do centro informará a xefatura de estudos sobre a necesidade de establecer as medidas educativas oportunas para abordar as faltas contrarias á convivencia ou gravemente prexudiciais, de acordo co recollido nas Normas de Organización, Funcionamento e Convivencia, segundo o regulado na Lei 4/2011, de 30 de xuño, e no Decreto 8/2015, do 8 de xaneiro.
  - A decisión de non abrir o protocolo poderase modificar con posterioridade se os datos indican unha variación da situación en sentido oposto. Neste caso, estableceranse as medidas educativas e correctoras que determine a xefatura de estudos.
  - Se no ditame SE CONFIRMA a posible situación de acoso ou ciberacoso escolar, o equipo ACAE iniciará o protocolo e trasladará á dirección do centro a necesidade de apertura do procedemento corrector común das condutas gravemente prexudiciais para a convivencia, segundo sinala o artigo 46.1 do Decreto 8/2015.
  - Ao mesmo tempo, a dirección do centro designará unha persoa responsable da atención á presunta vítima entre o profesorado do centro, deixando constancia disto a través do *Anexo 5. Nomeamento da persoa responsable da atención á presunta vítima*. Todas as intervencións realizadas polo equipo ACAE pasarán a formar parte do protocolo de acoso e ciberacoso escolar.

### **FASE 3: APERTURA DO PROTOCOLO**

- **FASE 3.1. COMUNICACIÓN ÁS FAMILIAS E Á INSPECCIÓN EDUCATIVA.** A dirección comunicará oficialmente, a través de medios físicos ou telemáticos, a apertura do protocolo ás familias e/ou representantes legais das persoas implicadas, e estas serán convocadas a unha reunión a través do *Anexo 6. Comunicación de apertura do protocolo de acoso e ciberacoso escolar*. Deste anexo enviarase unha copia á inspección educativa.
- **FASE 3.2. REUNIÓN COAS PERSOAS IMPLICADAS EN PRESENZA DA FAMILIA OU DOS/AS REPRESENTANTES LEGAIS.** En presenza das familias ou de representantes legais, o equipo ACAE informará das medidas inmediatas adoptadas, as actuacións realizadas e a



información resultante das investigacións previas. Ademais, recollerá a nova información achegada pola persoa implicada, e deixará constancia de todo o anterior a través do *Anexo 7. Reunión coas persoas implicadas en presenza da familia ou dos/as representantes legais*.

**FASE 4: PECHAMENTO DO PROTOCOLO.** Rematadas as reunións, o equipo ACAE comunicará á dirección do centro as conclusións que levan consigo o pechamento do protocolo. A través do *Anexo 8. Comunicación de pechamento do protocolo de acoso e ciberacoso escolar*, a dirección notificará esta situación ás familias ou representantes legais, con copia á Inspección Educativa e, de ser o caso, a outros organismos.

**FASE 5: SEGUIMENTO E AVALIACIÓN DAS MEDIDAS ADOPTADAS.** As medidas propostas polo equipo ACAE levan asociado un seguimento do seu desenvolvemento, adaptando a temporalización proposta a continuación ás circunstancias concretas de cada situación, e deixárase constancia a través do *Anexo 9. Seguimento e avaliación das medidas adoptadas*, do cal deberá entregarse copia á dirección do centro.

A temporización proposta é a seguinte:

- Primeiro mes: recollida de información quincenalmente.
- Segundo mes en adiante: recollida de información mensualmente. Manterase este seguimento o tempo que se considere necesario.

As follas de seguimento serán entregadas ao finalizar o curso á dirección do centro; incluíranse no expediente do protocolo e facilitarase unha copia ao profesorado titor do alumnado implicado do curso seguinte (sempre que este permaneza no mesmo centro), co fin de detectar unha posible repunta da situación.

Dentro do proceso de coordinación entre centros educativos, con motivo da transición de etapa ou cambio de centro, o equipo directivo velará porque o centro receptor do alumnado sexa puntualmente e debidamente informado da situación de posible vulnerabilidade de determinado alumnado en relación co acoso ou o ciberacoso escolar.

## 6. A Comisión de Convivencia

O órgano encargado da posta en marcha e desenvolvemento deste Plan, será a Comisión de Convivencia. De acordo co que se establece no Decreto 8/2015, do 8 de xaneiro, polo que se desenvolve a Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa en materia de convivencia escolar, a Comisión de Convivencia de cada centro, constituirase no seo do seu Consello Social. Terá carácter consultivo e desempeñará as súas funcións por delegación do Consello Social, para facilitar o cumprimento das competencias que este ten asignadas en materia de convivencia escolar, e velará pola correcta aplicación do disposto neste decreto, no Plan de Convivencia e nas Normas de convivencia da cada centro.

A Comisión respectará o principio de igualdade entre mulleres e homes de todos os sectores da comunidade educativa. A súa composición será a seguinte: dúas representantes do alumnado, dúas representantes do profesorado, unha representante do persoal de administración e servizos, unha representante do equipo directivo, a coordinadora de Benestar e Convivencia e unha representante das familias. No caso de que non se conte con representación das familias, posto que o alumnado menor de idade no centro é moi escaso, haberá unha representante máis do alumnado, sendo o número total de representantes deste grupo, de tres persoas.

A Comisión de Convivencia será presidida pola persoa titular da dirección do centro e unha das persoas integrantes actuará como secretaria ou secretario, quen levantará a acta das súas reunións. O nomeamento das persoas integrantes da comisión de convivencia nos centros educativos corresponde ao director ou á directora por proposta dos colectivos representados. As súas persoas membro poden coincidir cos do Consello Social, pero non teñen que ser as mesmas necesariamente.

As funcións tal e como se establece na lexislación sinalada, son as seguintes:

a)Elaborar o plan de convivencia do centro e dinamizar todos os sectores da comunidade educativa, incorporando as súas iniciativas e achegas no procedemento de elaboración, desenvolvemento e seguimento do citado plan.

b)Adoptar as medidas preventivas necesarias para garantir os dereitos de todos os membros da comunidade educativa así como a igualdade entre homes e mulleres e o cumprimento das normas de convivencia do centro.

c)Impulsar accións dirixidas á promoción da convivencia, especialmente o fomento de actitudes para garantir a igualdade entre mulleres e homes, a igualdade de trato de todos os membros da comunidade educativa e a resolución pacífica de conflitos.

d)Propor ao consello escolar as medidas que considere oportunas para mellorar a convivencia, así como dar conta a este, cando menos dúas veces ao longo do curso, das actuacións desenvolvidas e das correccións e medidas disciplinarias impostas.

e)Propor, de ser o caso, á persoa titular da dirección do centro persoas que poidan formar parte do equipo de mediación.

f)Coñecer o cumprimento efectivo das correccións e medidas correctoras nos termos en que fosen impostas e informar o consello escolar sobre o grao de cumprimento da normativa vixente.

g)Realizar o seguimento dos compromisos de convivencia subscritos no centro.

h)Elaborar unha memoria anual sobre a análise da convivencia e conflictividade no centro, e accións destinadas á promoción da igualdade de oportunidades entre homes e mulleres así como a prevención da violencia contra as mulleres, na cal se reflectan as iniciativas no

ámbito do centro sobre a materia. Este informe será trasladado ao consello escolar do centro e ao correspondente servizo territorial de Inspección Educativa.

i) Aqueloutras que lle sexan encomendadas polo consello social do centro docente ou polo órgano da Administración educativa con competencias na materia.

## 7. Mecanismos de coordinación

O organismo responsable da coordinación do Plan de Convivencia será a Comisión de Convivencia, nas súas xuntanzas trimestrais. Será a encargada de detectar necesidades, programar, desenvolver e avaliar todas as actuacións encamiñadas á mellora da convivencia no centro, tanto no que respecta a prevención e promoción como a intervención ante conflitos.

A persoa Coordinadora de Benestar e Convivencia dinamizará o Plan de Convivencia e ocuparase de propoñer as actividades recollidas na programación, e de asistir e colaborar no seu desenvolvemento. Contará para iso tamén co xefe do departamento de Información e Orientación Profesional. Nas xuntanzas da Comisión informarán sobre a realización e valoración destas actividades.

As xuntanzas de equipo docente servirán para valorar e coñecer a evolución do alumnado, as actividades realizadas, e a convivencia nos grupos. O titor trasladará á dirección a información que se requira en caso de ser necesario, e fomentará a convivencia en xeral a través de actividades de acollida, integración e información co seu alumnado.

Para realización das actividades contarase coa colaboración de entidades e organismos externos: Concello, ONGs, Asociacións, etc.

Os membros do claustro poderán realizar propostas educativas para a mellora da convivencia no centro.

A Dirección do centro impulsará e coordinará as actividades encamiñadas á mellora da convivencia, a fin de garantir as condicións necesarias para que exista no centro un bo clima escolar.

O Persoal de Administración e Servizos informará de calquera situación anómala ou que dificulte a convivencia.

O responsable da Coordinación de Innovación e formación do profesorado propondrá, organizará e avaliará actividades formativas e proxectos innovadores no ámbito da convivencia.

O responsable da Coordinación de TICs manterá actualizada a información na páxina web do centro relativa á convivencia.

## 8. A coordinación de Benestar e convivencia

Na Orde do 23 de agosto de 2023 créase a figura de Coordinadora de Benestar e Convivencia, que se converta nun referente para apoiar a labor do profesorado ante posibles casos de violencia no propio centro ou na súa contorna.

Funciós da persoa coordinadora de benestar e convivencia:

a) En coordinación co equipo directivo:

- Coordinar o Plan de Convivencia e colaborar na súa dinamización xunto coa Comisión de Convivencia do centro.
- Fomentar o uso de métodos alternativos de resolución pacífica dos conflitos entre o persoal do centro e o alumnado, para o cal velará, entre outras accións, pola incorporación e tratamento no plan de acción tutorial de contidos relacionados coas habilidades sociais, a intelixencia emocional, a autoestima, a resolución pacífica de conflitos, a mediación e as dinámicas de grupo.
- Identificarse ante o alumnado, ante o persoal do centro educativo e, en xeral, ante a comunidade educativa, como principal referente das comunicacións relacionadas con posibles casos de violencia no propio centro ou na súa contorna.
- Informar o persoal do centro sobre os protocolos de prevención e protección de calquera forma de violencia existente na súa localidade ou na súa comunidade autónoma.
- Promover, en situacións que supoñan un risco para a seguridade das persoas menores de idade, a comunicación inmediata por parte do centro educativo ás forzas e corpos de seguridade do Estado.
- Promover plans de formación en materia de prevención, detección precoz e protección da infancia e adolescencia, dirixidos tanto ao persoal que traballa nos centros educativos como ao alumnado e ás súas familias ou ás persoas titoras legais, con especial atención ao persoal do centro que actúa como titoras e titores, e á adquisición, por parte do alumnado, de habilidades para detectar e responder a situacións de violencia.
- Promover no centro docente unha alimentación saudable e nutritiva que permita ao alumnado, especialmente ao máis vulnerable, ter unha alimentación equilibrada.
- Promover, en situacións que poidan implicar un tratamento ilegal de datos persoais das persoas de menores de idade, a comunicación inmediata por parte do centro educativo, con coñecemento da persoa delegada de protección de datos da consellería con competencias en materia de educación, á Axencia Española de Protección de Datos.

b) En coordinación co departamento de Información e Orientación Profesional:

- Promover medidas que garantan o máximo benestar da infancia e da adolescencia, así

como a cultura do bo trato, coordinando actuacións, que se realizarán no centro e desde a tutoría, promotoras de valores democráticos de convivencia, negociación e diálogo e cultura de paz.

- Colaborar no deseño e desenvolvemento de programas facilitadores de detección de dificultades de convivencia e de relación.
- Fomentar o respecto polo alumnado con discapacidade ou calquera outra circunstancia de especial vulnerabilidade ou diversidade.
- Coordinar, de acordo cos protocolos establecidos, os casos que requiran intervención por parte dos servizos sociais competentes, debendo comunicalo ás autoridades correspondentes, se se valora necesario, e sen prexuízo do deber de comunicación nos casos legalmente previstos.
- Promover a participación das familias informándoas e asesorándoas, en especial no relacionado coa convivencia democrática e o benestar.

c) En coordinación coas asociacións de nais e de pais:

- Promover plans de formación en materia de prevención, detección precoz e protección da infancia e a adolescencia, dirixidos ás persoas proxenitoras e a quen exerza función de tutela, garda ou acollemento.

A persoa Coordinadora presentarase a principio de curso a todos os grupos de alumnado, a fin de que a coñeza e saiban onde, cando e para que poden contactar con ela.

Ademais, establecerá unha Aula Virtual específica na que recollerá información específicas sobre a convivencia e o benestar no centro. O alumnado poderá comunicarse con ela tamén a través desa Aula Virtual ou por medio dun correo electrónico.

Dispoñemos dun taboleiro no centro para a difusión de informacións sobre a convivencia e o benestar, ademais de para poder propoñer actividades de interese para o alumnado e o profesorado.

Establecerase unha programación anual a principio de curso no que se propondrá a realización de actividades (concursos, charlas, obradoiros, ...) relacionados coa promoción da igualdade, da diversidade, da tolerancia, e da resolución non violenta de conflitos. Esta programación recollerá as propostas feitas na memoria do ano anterior, e contará para a súa realización coas achegas dos membros da Comisión de Convivencia.

A persoa Coordinadora de Benestar e Convivencia formará parte do equipo ACAE do centro cando sexa necesario intervir ante unha situación de Acoso Escolar.

## 9. Normas de Organización e Funcionamento do CIFP Audiovisual de Vigo

As normas de convivencia do CIFP Audiovisual de Vigo concretan os dereitos e deberes do

alumnado, establecen as condutas contrarias á convivencia e as correccións que lle corresponden polo seu incumprimento, de acordo co previsto na Lei 4/2011 e no Decreto 8/2015.

Poden atoparse, como documento propio no seguinte [enlace](#)

## 10. Difusión do Plan de Convivencia

A Comisión de Convivencia proporá ao Consello Social o Plan de Convivencia para a súa aprobación como documento de centro. Posteriormente, será dado a coñecer a tódolos membros da comunidade educativa do centro mediante as seguintes actuacións:

- Presentación do plan de convivencia ao profesorado para cada curso escolar. Información ao claustro do Plan de Convivencia aprobado, así como das futuras actualizacións do mesmo. Entregarase un exemplar aos Xefes de Departamento.
- Presentación do Plan de Convivencia ao persoal de administración e servizos para cada curso escolar.
- Dar a coñecer o alumnado o Plan de Convivencia por medio das titorías a principios de curso, e exposición no taboleiro dun resumo das Normas de Convivencia. No [Manual do Alumnado](#) se incluírá tamén un resumo das NOF.
- Na páxina web do centro habilitarase un espazo para incluír o Plan.

## 11. Seguimento, avaliación e mellora do Plan de Convivencia

A avaliación do presente plan será integral, continua e a través de diferentes técnicas como cuestionarios, a observación, reunións periódicas, entrevistas e a análise de documentos.

Partindo das conclusións obtidas da avaliación inicial estableceranse unhas medidas de actuación que serán avaliadas durante a realización das mesmas co fin de modificar aqueles aspectos que son susceptibles de mellora da convivencia. Así mesmo ao remate do curso farase unha avaliación final na que se recollerá información de interese de cara á programación de intervencións futuras en relación á convivencia.

Para avaliar o Plan de Convivencia teremos presentes os criterios seguintes:

- Grao de consecución dos obxectivos propostos
- A adecuación das actuacións e actividades
- A calidade e cantidade dos recursos humanos e materiais empregados
- A eficacia da metodoloxía seguida

- A idoneidade da temporalización
- A evolución da situación da convivencia no centro
- O proceso de avaliación

Para tal fin, a comisión de convivencia manterá tres reunións anuais de carácter ordinario, unha por trimestre, e con carácter extraordinario tantas veces sexa convocada co fin de analizar as incidencias producidas, as actuacións realizadas e os resultados conseguidos en relación a aplicación do Plan e as medidas que vaian tomando.

Con esta avaliación, ao final do curso escolar elaborárase unha Memoria que será trasladada ao Consello Social do centro para a súa aprobación.

Nela recollerase:

- 1.Actividades realizadas
- 2.Recursos utilizados
- 3.Formación relacionada coa convivencia
- 4.Asesoramento e apoio técnico recibido (orientación, servizos externos,...)
- 5.Resumo das correccións adoptadas relativas a condutas conflitivas, tipoloxía destas e medidas aplicadas; casos de acoso...
- 6.Valoración de resultados, propostas de continuidade e de mellora.